



PROXECTO SYMBIOS

Crise demográfica, territorios habitables e inclusión

Perspectiva territorial da Estratexia Europa 2020



XUNTA
DE GALICIA



UNIÓN EUROPEA

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"



PROXECTO SYMBIOS

Crise demográfica, territorios habitables e inclusión

Perspectiva territorial da Estratexia 2020

1. CONTIDOS

1. CONTIDOS.....	1
2. OBXECTO	3
3. SÍNTESI	3
4. TEMPORALIZACIÓN.....	4
5. ORIXE E FUNDAMENTACIÓN	4
6. OBXECTIVOS.....	8
OBXECTIVO XERAL	8
OBXECTIVOS OPERATIVOS	8
7. ASPECTOS CLAVE DE CARÁCTER TRANSVERSAL	9
Carácter innovador.....	9
Valor transnacional: contextos moi diferentes.....	9
Perspectiva de xénero.....	10
Perspectiva medioambiental.....	10
Complementariedade con outras actuacións que teñen financiamento europeo	11
Relación coa Estratexia Europa 2020.....	11
O Proxecto SYMBIOS e o cambio demográfico nas políticas europeas	12
8. PARTICIPANTES NA REDE.....	14
9. XESTIÓN E COORDINACIÓN	14
10. MÉTODO.....	16
11. ACTIVIDADES	17
FASE PRELIMINAR	18
Informe inicial de situación	18
Seminario de lanzamento.....	18
Identificación e selección de experiencias de desenvolvemento comunitario e de emprendemento	



dinamizador e inclusivo	19
1º Foro virtual: A crise demográfica, a exclusión social e a exclusión territorial	20
1º Seminario: A crise demográfica, a exclusión social e a exclusión territorial	20
SEGUNDA FASE: ANÁLISE E MODELIZACIÓN DE EXPERIENCIAS.....	21
Rede Virtual.....	21
Traballo de campo.....	21
Visitas de estudo	22
Estudo de alternativas innovadoras na prestación de servizos sociais fronte a crise demográfica	22
Investigación prospectiva sobre os nodos de desenvolvemento e a inclusión socio-territorial	23
2º Foro virtual: Análise de experiencias	23
2º Seminario: A inclusión socio-territorial. Análises de experiencias a prol duns territorios inclusivos, intelixentes e sostibles	24
Publicación dixital sobre boas prácticas.....	24
TERCEIRA FASE: TERRITORIOS INCLUSIVOS: PROPOSTAS E ACCIÓNS DE DIFUSIÓN	25
Páxina web	25
3º Foro virtual : Recomendacións sobre enfoques e metodoloxías	25
Consulta ás corporacións locais.....	26
Documento de recomendacións sobre enfoques e metodoloxías	26
Seminario Final	27
Cadro de Actividades.....	28
12. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.....	30
Comisión de seguimento.....	30
Indicadores de realización	30
Informes intermedios	30
Memoria final	31
13. ANEXOS	32



2. OBXECTO

O intercambio de experiencia e coñecemento, mediante unha rede de rexións europeas afectadas, sobre as consecuencias sociais da crise demográfica e da exclusión territorial, así como sobre novos enfoques e medidas sociais innovadoras a prol duns territorios intelixentes, sustentables e inclusivos.

3. SÍNTESE

A crise demográfica está a afectar cada vez máis a determinadas rexións europeas, e constitúe xa un problema ou risco común a todas elas. A forma e intensidade coa que se manifesta incide na calidade de vida das persoas e dos territorios.

A exclusión territorial á que se ven conducidas algunhas áreas - como produto do declive demográfico e do envellecemento da poboación - pode derivar nunha situación de exclusión social das persoas residentes, tendo en conta as dificultades de levar a cabo un proxecto de vida basicamente equiparable a calquera outra parte do territorio.

Por iso o proxecto promoverá a creación dunha rede de traballo de carácter transnacional e interrexional, que implique a axentes doutras rexións europeas, ademais da galega, para intercambiar análises, coñecemento, así como experiencias e metodoloxías concretas que, orientadas a abordar conxuntamente os efectos sociais e territoriais do cambio demográfico, poidan resultar transferibles ao noso contexto. Esta rede contará, ademais, con institucións públicas e con outras entidades e organizacións que operan en Galicia.

Por outra banda, o proxecto desenvolverá, mediante foros técnicos e grupos de traballo, liñas de intervención a nivel galego orientadas a explorar, identificar e modelizar experiencias de emprendemento dinamizador e inclusivo e de base comunitaria, experiencias que xa funcionen e que traten de converter en oportunidades de vida o potencial dos territorios excluídos, promovendo os seus valores endóxeos, economía, cultura e patrimonio.

Desde outra perspectiva, o momento e a situación son unha oportunidade para re-deseñar e facer social e economicamente viables os territorios en declive demográfico, para facer posible, sustentable e desexable poder permanecer neles ou re-habitalos. Os territorios agora en declive teñen un potencial real en termos de inclusión social e laboral. Pero



cómpre revisar e cambiar a mirada, os preconceptos, e, tamén, a planificación e as actuacións desenvolvidas polos poderes públicos.

Conscientes de que para reducir ou compensar os efectos da crise demográfica non se bastan os recursos e iniciativas de carácter público, SYMBIOS explorará fórmulas orientadas á simbiose e hibridación entre o traballo que se realiza desde a esfera pública e o que se está a realizar, nos territorios afectados, dende a economía social e desde a iniciativa social e o voluntariado de base comunitaria. Tratarase, así, de impulsar a cooperación entre os diferentes actores comunitarios.

4. TEMPORALIZACIÓN

Data de inicio: 01/07/2013

Data de finalización: 31/12/2015

5. ORIXE E FUNDAMENTACIÓN

O proxecto Symbios ten o seu enraizamento nas accións desenvolvidas en Galicia para *Aumentar a cohesión social e territorial mellorando os niveis de cualificación, a calidade do emprego e a inclusión social*, un dos obxectivos finais do Marco Estratéxico de Convergencia Económica de Galicia (MECEGA). Estas accións enmárcanse no Programa Operativo FSE Galicia 2007-2013 e, dun xeito concreto, no eixo 2- tema prioritario 71¹ – para o *Fomento da empregabilidade, a Inclusión Social e a Igualdade entre homes e mulleres*- sen esquecer o necesario vínculo co eixo 1- tema prioritario 62 – de *Fomento do espírito emprendedor*-. Ambos os dous comprenden o desenvolvemento de liñas de acción referidas á inclusión sociolaboral das persoas desfavorecidas, aspecto que nunca se debe desligar da promoción das iniciativas locais de emprego. De aí que Symbios se coordine e complemente desde unha achega de claro contido transnacional, o proxecto EuSumo que, ao igual que SYMBIOS, está financiado polo Eixo 4- Tema prioritario 80², do FSE e promovido pola Consellería de Traballo e Benestar.

¹ Vías de integración e reintegración no mundo laboral das persoas desfavorecidas; loita contra a discriminación no acceso ao mercado laboral e na evolución nel e fomento da aceptación da diversidade no lugar de traballo

² Fomento de colaboracións, pactos e iniciativas a través de redes de partes interesadas- Fomento de Pactos, redes e asociacións e apoio ás iniciativas locais para o emprego e a inclusión social



Xa desde o I Plan de Inclusión Social de Galicia 2001-2006, o goberno autonómico propúxose a utilización dos Fondos Estruturais para loitar contra a pobreza e a exclusión social. A cohesión social reforzábase mediante procesos de inclusión social e de inserción laboral, baseados en itinerarios individualizados, desenvolvidos polos Equipos Provinciais, os Equipos de Inclusión das cidades e algúns convenios de carácter comarcal. Comprobouse, non obstante, que a exclusión, tiña forte raizame no territorio.

O proceso de avaliación do I Plan de Inclusión e de preparación do II Plan de Inclusión mantivo as intuicións básicas que xeraron o I Plan. Ao mesmo tempo, incorporou de forma máis decidida unha análise territorializada dos procesos de pobreza e exclusión e realizou unha aproximación máis focalizada na realidade local e comarcal. Identificáronse os territorios e poboacións en situacións máis vulnerables. Así, desenvolveuse unha estratexia de intervención baseada en cidades e comarcas, moito máis próxima á realidade local e ás limitacións e dificultades que nos procesos de inclusión das persoas implicaba o feito de habitar en determinados territorios.

Cando se afronta o tramo final do actual Plan de Inclusión resulta necesario afondar nas dinámicas de exclusión e inclusión social en relación coa dimensión territorial. A realidade é que amplas bisbarras das Galicia interior e algunhas da Galicia costeira están nunha situación alarmante de declive demográfico. Ese declive correlaciona de forma importante cunha menor densidade de poboación. Pero afecta tamén a territorios con densidades máis altas pero con escaso dinamismo social e económico. Por outra banda, neses territorios agroman algunhas experiencias en que se crean dinámicas sociais e económicas renovadas; moitas delas teñen un claro perfil de acción solidaria e comunitaria, outras son promovidas polas diferentes Administracións Pública, en moitos casos con financiamento europeo; e outras son realidades de emprendemento económico cun impacto social positivo na súa comarca. En conxunto estas experiencias diversas conseguen crear maior riqueza e oportunidades de inclusión social. Tamén axudan a compensar os efectos dos procesos poboacionais máis preocupantes, efectos que a curto e medio prazo se converten en incremento da demanda de servizos sociais.

Esa preocupación non é exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia. É, de feito unha preocupación compartida en toda a Unión Europea, desde o nivel local ao conxunto da Unión, pasando polas autoridades rexionais e nacionais. De feito, no marco desa preocupación común desenvolveuse o Proxecto DART, no que a Xunta de Galicia participou activamente. DART (Declining, Ageing and Regional Transformation, Interreg IV C) centrouse na aprendizaxe comparativa e no desenvolvemento dun enfoque integrado de recomendacións para adaptar políticas rexionais e servizos públicos, partindo do convencemento de que a resposta ao proceso de despoboamento e o envellecemento e a necesaria adaptación ao cambio demográfico non pode ser unha simple redución lineal das



infraestruturas e servizos. As rexións afectadas por estes procesos necesitan tanto solucións cualitativas como respostas innovadoras para a cidadanía, as autoridades e o mundo empresarial. Neste sentido, DART serviu de foro e de altofalante para sensibilizar sobre o cambio demográfico e as súas consecuencias, para incrementar o coñecemento e avaliar o rol crítico duns servizos públicos que deben deseñarse para garantir espazos de calidade de vida para todas as xeracións e todos os territorios, tamén para os máis afectados pola regresión demográfica e o envellecemento.

Na área dos servizos sociais DART identificaba certos puntos críticos que constituían unha preocupación común: o illamento de persoas de idade avanzada; a calidade de vida das familias e das diferentes xeracións nas áreas demográficas en declive; a mobilidade dos traballadores; a inclusión social dos inmigrantes; a necesidade de estender a conectividade en banda larga; a mobilidade das persoas; a súa alfabetización dixital; a re-planificación de servizos dando prioridade a núcleos de impulso que vertebran territorialmente a oferta. E, partindo desas preocupacións, integraba nos seus documentos finais unha serie de recomendacións concretas:

- Planificar unha rede de servizos sociais comunitarios adaptado ás áreas en declive e reforzado con coas novas Tecnoloxías de Información e Comunicación (TICs);
- Procurar a integración dos servizos aos maiores con outros servizos, procurando unha maior eficacia e eficiencia;
- Concentración de servizos máis específicos nos núcleos de impulso das diferentes áreas territoriais, procurando unha estratexia de núcleos e territorios "a proba do ciclo da vida", espazos amigables para todas as xeracións
- Favorecer a autonomía das persoas e evitar ou diferir a institucionalización; promover servizos de proximidade, móbiles e flexibles que manteñan as persoas usuarias na casa tanto tempo como sexa posible;
- Fortalecer a cooperación e o intercambio por riba das fronteiras;
- Promover unha inmigración planificada ás áreas en declive favorecendo a integración harmónica e a posibilidade de retorno;
- Combater posibles estereotipos negativos sobre as oportunidades que presentan áreas rurais en declive; sobre a corresponsabilidade familiar; sobre a parentalidade; sobre o traballo a distancia; etc.



- Construír modelos de cooperación e traballo en rede entre administracións, con ONGs, cos emprendedores, con expertos e autoridades académicas.
- Promover estratexias de traballo social e socio-educativo enfocado a organizar e reforzar a capacidade de auto-apoio comunitario, a participación da cidadanía e da solidariedade entre xeracións e cos menos favorecidos, incluíndo voluntariado organizado.
- Favorecer a accesibilidade ás ITC e a mobilidade para todos e todas.

O proxecto Symbios, polo tanto, dá continuidade en Galicia ao proxecto DART no tocante ás consecuencias do cambio demográfico e á correspondente provisión, nese contexto de cambio profundo, dos servizos públicos, nomeadamente dos servizos sociais. Ademais, dá un paso máis, ao centrarse nos efectos sociais que ese cambio ten, especialmente nos territorios máis vulnerables. Por iso pon en relación as políticas públicas de servizos sociais e de inclusión social, co emprendemento dinamizador e inclusivo e coa loita contra a pobreza e a exclusión social nos territorios en situación de declive demográfico, entre os que teñen especial peso os de carácter rural. Conecta, así, o Proxecto DART, co proceso de avaliación do II Plan de Inclusión, para facilitar a toma de decisións respecto do próximo período de programación de Fondos. E favorecerá a mellora de coñecemento para deseñar un eventual III Plan de Inclusión, no marco do Programa Operativo Rexional para o período 2014-2020, tendo como marcos de referencia a Estratexia Europa 2020 e as consecuencias territoriais e sociais da crise demográfica.

En síntese, o proxecto Symbios explorará a relación existente entre crise demográfica e exclusión social e territorial, identificando as experiencias que apuntan na dirección da inclusión social e da creación de emprego que poidan mitigar os efectos do declive demográfico e garantir unha provisión de servizos suficiente e sustentable como para incrementar as expectativas de futuro das poboacións en zonas de risco demográfico. Tamén facilitará criterios para mellorar a planificación dos servizos de benestar, e, por ende, a innovación necesaria para dotar de servizos de calidade aos territorios vulnerables, favorecendo un deseño territorial intelixente, sustentable e inclusivo. Ademais, a análise de novos enfoques e experiencias, tanto no nivel rexional como no transrexional e transnacional, achegará pautas metodolóxicas para o desenvolvemento dunha estratexia de inclusión social adaptada aos territorios nos que a crise demográfica é máis acusada e a pobreza é máis extensa e difusa.



6. OBXECTIVOS

OBXECTIVO XERAL

Facilitar, cunha metodoloxía de rede de intercambio, a aprendizaxe comparativa e a formulación de propostas de acción dirixidas a abordar as consecuencias do cambio demográfico na calidade de vida das persoas que habitan territorios vulnerables ou excluídos, adoptando como referencia a Estratexia Europa 2020 por un crecemento intelixente, sustentable e inclusivo.

OBXECTIVOS OPERATIVOS

- Crear unha rede de traballo con vertentes autonómica, interrexional e transnacional para intercambiar experiencias e metodoloxías que, orientadas a abordar conxuntamente os efectos sociais do declive e envellecemento demográfico, poidan resultar transferibles ao noso contexto.
- Realizar unha achega substantiva, desde a experiencia de Galicia, ao debate europeo sobre a exclusión territorial e os seus efectos na política social, salientando a súa relación coa dispersión, co envellecemento da poboación, e coa habitabilidade dos territorios;
- Realizar, igualmente, unha achega positiva sobre a inclusión territorial, en relación coa creación de novas oportunidades, co emprendemento social e coa innovación na prestación de servizos sociais.
- Investigar, identificar e modelizar experiencias de emprendemento dinamizador e inclusivo existentes en Galicia que poidan servir de base para a difusión de actuacións contra a exclusión territorial e a dinamización das zonas en declive demográfico.
- Facilitar ferramentas para a planificación dos servizos públicos, nomeadamente dos servizos sociais, tendo en conta a dinámica demográfica e a estratexia Europa 2020.
- Experimentar e propoñer modelos de cooperación entre a planificación dos servizos públicos, a iniciativa social e o emprendemento de carácter dinamizador na loita contra o envellecemento e a exclusión territorial, impulsando a cooperación entre os actores comunitarios.



7. ASPECTOS CLAVE DE CARÁCTER TRANSVERSAL

Carácter innovador.

A configuración xeral de Symbios presenta un carácter innovador.

Symbios innova na temática, porque aborda a cuestión demográfica vinculada a unha perspectiva territorial dos procesos de exclusión e inclusión social. Profundará no concepto de "Exclusión territorial" e traballará na configuración dun modelo territorial intelixente, sostible e inclusivo, como modelo de crecemento e mellora coherente cos obxectivos da Estratexia Europa 2020.

Por outra banda, Symbios innova nos seus obxectivos e nas respostas porque, considerando a importancia dos servizos públicos, procurará facer unha achega de interese na planificación e prestación destes e, en especial, daqueles do Sistema de Servizos Sociais. Cómpre destacar, neste respecto, a importancia das novas tecnoloxías da información e comunicación no despregamento dos servizos públicos nos territorios en declive demográfico. Ademais, Symbios traballará na formulación de medidas para dinamizar as oportunidades que existen nas áreas territoriais máis afectadas pola crise demográfica. Tratará, así, de revertir de ameazas e debilidades dos efectos desta crise en oportunidades nos territorios afectados.

Doutra banda, o proxecto innova ao incorporar unha metodoloxía participativa que integra axentes do ámbito académico, da esfera pública e da iniciativa comunitaria baixo a fórmula de rede. Esta rede, enriquecida pola súa diversidade, achegará elementos dun enfoque de abaixo- arriba no estudo dunha cuestión multidimensional como é a demográfica.

En resumo, a conxunción entre os elementos de análise, a posta en valor das experiencias existentes e a procura dunha planificación pública que sirva como promotora de novas iniciativas que leven a unha sociedade máis cohesionada, tamén desde o punto de vista territorial, constitúe unha novidade no contexto de Galicia.

Valor transnacional: contextos moi diferentes

Un dos aspectos clave do proxecto Symbios é a conxunción entre contextos xeográficos contiguos e similares, aínda que con fortes especificidades (Galicia, Tras-Os-Montes, Castilla y León) con outros moi afastados dos primeiros e moi diferentes destes, aínda que



compartan as características do declive demográfico e do envelhecimento. O carácter transferible do proxecto (quer nas análises, quer nas experiencias, quer nas propostas) está fundamentado na problemática común de raíz. As fondas diferenzas contextuais permiten explorar estratexias moi diferentes. O noroeste peninsular galego–portugués; o leste de Finlandia; un área holandesa mineira en declive; as áreas rurais castelás, e outros posibles socios do resto de Europa) axudan a mellorar a perspectiva de análise e enriquecer o debate, situándoo ao nivel europeo que lle corresponde pola súa natureza e alcance. Esas diferenzas entre contextos estimulan o deseño de estratexias innovadoras na procura da calidade de vida e da inclusión social dos territorios máis vulnerables.

Perspectiva de xénero.

No mundo rural, o declive demográfico comeza coa emigración urbana das mulleres, en procura de mellores alternativas de vida e de romper co rol tradicional que a sociedade lles asigna. As cualificacións académicas das mulleres, superiores aos homes, non obteñen os mesmos rendementos nas sociedades agrarias que nas sociedades urbanas. Calquera reactivación de territorios en declive pasa necesariamente pola creación de oportunidades laborais para as mulleres – traballo asalariado, emprendemento empresarial ou cooperativo- (diferente das tradicionais ocupacións como “axudas familiares”) e por permitir unha adecuada conciliación entre a vida familiar e profesional.

Desde o punto de vista de xénero, o proxecto Symbios presta particular atención ao emprego feminino, non só nos servizos ás persoas (sexan maiores ou menores), senón tamén no resto do tecido produtivo, atendendo á incorporación tanto á titularidade das explotacións agropecuarias como a outras formas de emprendemento, sexa agroindustrial, no turismo ou no sector medioambiental.

Ademais, o proxecto pon un importante foco nos servizos que favorecen a conciliación entre a vida familiar e profesional desde a óptica da planificación dos servizos públicos e da prestación dos mesmos.

Perspectiva medioambiental

O abandono do medio rural por parte da poboación galega leva a unha ruptura dos equilibrios agroforestais tradicionais, cun crecemento da propiedade absentista, unha ocupación de solo agrario por especies forestais de ciclo curto, e unha unha xestión do monte pouco sustentable. En xeral a perda de aptitude agraria do territorio rural, o seu abandono, implica perda de diversidade, equilibrio e sustentabilidade.



Esta perda de condicións agronómicas levou a un incremento importante no número de incendios, así como a unha maior dificultade no control dos mesmos. As ditas especies de ciclo curto fan retroceder o bosque autóctono, cuxa explotación xera maior valor engadido e resulta máis sostible desde o punto de vista ambiental, e menos custosa desde o punto de vista do control dos incendios e das pragas.

Así, aínda que o proxecto non pretende incluír de maneira directa ningunha medida relacionada coa innovación agraria ou forestal, ao promover a continuidade da presenza humana no territorio e unha ordenación racional da mesma, acorde coas novas necesidades sentidas e coa nova estrutura de poboación, está introducindo, ao mesmo tempo, elementos de sustentabilidade ambiental. Por esta razón, na caracterización dos territorios inclusivos, o programa Symbios atende sempre á sustentabilidade, ao lado da cohesión e da creación de valor.

Complementariedade con outras actuacións que teñen financiamento europeo

Lonxe de considerar o Proxecto Symbios como unha actuación singular e illada, a vocación do proxecto é servir de complemento e de nexo de unión doutras iniciativas que xa teñen financiamento europeo, evitando duplicidades e creando sinerxías. Resulta particularmente importante, na lóxica da complementariedade, a súa relación co II Plan Galego de Inclusión Social, financiado polo Programa Operativo FSE de Galicia 2007-2013.

Tamén cómpre salientar a vinculación operativa coa Rede EuSumo, que se integra, ao igual que Symbios, dentro das iniciativas galegas correspondente ao Eixo 4 do Programa Operativo FSE de Galicia. E resulta igualmente significativa a relación cos fondos do Programa Leader+ executados polos Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR's) e polos Centros de Desenvolvemento Rural (CDR's). Finalmente, as inversións do Fondo de Rexional de Cohesión FEDER tamén teñen relevancia á hora de dotar aos territorios das infraestruturas necesarias para a loita contra a exclusión social e territorial.

Relación coa Estratexia Europa 2020

No informe final do proxecto DART- INTERREG IVC, no que Galicia e outros socios de Symbios participaron, apúntase acertadamente que:

"A política europea de cohesión xoga un papel fundamental no apoio aos esforzos das rexións europeas para adaptarse aos cambios demográficos e para axudalas a superar os efectos dunha contracción da súa forza de traballo. Esa política de cohesión é a que está detrás de milleiros de proxectos que, por



toda Europa, reciben fondos do FEDER e do FSE - os dous fondos estruturais- e do Fondo de Cohesión. Como as tendencias do cambio demográfico varían ao longo das diferentes áreas, é difícil que unha soa política se adapte a cada área; ao contrario é preciso variar as medidas para adaptarse a esa diversidade... No vindeiro período de fondos 2014-2020, o cambio demográfico será un asunto transversal que afectará todas e cada unha das prioridades que a Comisión propuxo de cara a unha nova regulación dos fondos. Así que agora dependerá das rexións como empregar os fondos para financiar proxectos que aborden o cambio demográfico."

O proxecto Symbios desenvólvese no momento no que finaliza un período de Fondos e vanse definindo os enfoques e prioridades dun novo período. Resulta imposible para Europa, tamén para Galicia, facer abstracción do actual e futuro contexto demográfico e das súas consecuencias a medio e longo prazo. Esa cuestión atravesará, necesariamente, e de maneira transversal, toda a execución da Estratexia Europa 2020.

Efectivamente a crise demográfica non é só, nin principalmente, unha cuestión de natalidade. Afecta ao mercado laboral, á conciliación, á mobilidade, ás TICs, á planificación de inmigración, á inclusión social, aos servizos públicos sociais, sanitarios, educativos e formativos. E, ten unha dimensión territorial: afecta á sustentabilidade, calidade de vida e o equilibrio entre territorios. A implantación da Estratexia Europa 2020, á súa vez, debe partir do convencemento de que a incorporación de elementos de competitividade e de intelixencia tecnolóxica, a dimensión medioambiental e a perspectiva da inclusión social son fundamentais para ofrecer un futuro diferente a aqueles territorios que, afectados polo declive demográfico, entraron xa nunha espiral de exclusión social que cómpre abordar con intelixencia e con criterios de sustentabilidade e calidade de vida para todas as persoas. O principal acento do proxecto Symbios é, precisamente, como acadar territorios inclusivos.

O Proxecto SYMBIOS e o cambio demográfico nas políticas europeas

Os retos do cambio demográfico xa están presentes en moitas políticas dos países membros da Unión Europea, nomeadamente:

- Na promoción dun envellecemento activo e da solidariedade entre xeracións
- Nos aspectos relacionados coas políticas de familia, a conciliación familiar e a loita contra a reprodución xeracional da pobreza;
- Os relativos ás políticas de migración, que consideran non só o aspecto de man de obra, senón tamén o de estabilizadores das pirámides de poboación e fornecedores de novos cidadáns;



- Así como as accións de planificación que consideran os servizos públicos, con particular atención á sanidade e á educación, e o acceso á vivenda e a súa articulación nas poboacións existentes como aspectos clave para a mellora das condicións de vida dos territorios vulnerables e gravemente afectados polo declive demográfico.

No un Libro Verde *"Fronte aos cambios demográficos: unha nova solidariedade entre xeracións"*³, publicado pola Comisión Europea en 2005, xa se constata o declive poboacional de Europa e a necesidade de reaccionar. Saliéntase o papel vital de inmigración no sostemento demográfico de moitas rexións de Europa e a consecuente necesidade de novas políticas de integración de inmigrantes en diversas rexións e na provisión de iguais oportunidades para eles. Tamén pon o acento na necesidade dun ciclo de vida activa sustentable, que comeza por unha axeitada integración da xente nova, agora un recurso vital, dentro da forza de traballo e requírense políticas nesa dirección. No outro extremo, indica a necesidade de evitar calquera posibilidade de discriminación da poboación traballadora de máis idade. Esa porción de traballadores de máis idade que envellece activamente (en coherencia cunha maior esperanza de vida), teñen mellor saúde e son máis activos que en décadas pasadas. Por outra parte, isto, co tempo, leva consigo a necesidade de prover os coidados necesarios, incorporando programas de servizos sociais comunitarios e de apoio ás familias cando corresponda.

En outubro de 2011 o Parlamento Europeo (PE) aprobou un informe sobre o cambio demográfico⁴. O PE fai fincapé nas oportunidades inherentes a este cambio. Así, se se adoptan as necesarias medidas de reacción, adaptadas ao cambio demográfico en cada contexto, ese cambio pode ser unha oportunidade para Europa. O informe afirma que os fondos estruturais xogan un papel importante no enfoque do cambio demográfico e chama á Comisión a incluír o cambio demográfico como un obxectivo transversal na futura política de cohesión. O PE cree que a implantación de políticas europeas relativas ao cambio demográfico axudará a crear sinerxías e atopar solucións conxuntas e anima a que os estados membros e as rexións presten maior atención a este asunto e que fagan uso dos fondos estruturais para abordar o dito cambio.

³ http://europa.eu/legislation_summaries/employment_and_social_policy/situation_in_europe/c10128_en.htm

⁴ European Parliament (2011) "Report on Demographic Change and its Consequences for the future of Cohesion Policy of the EU"



8. PARTICIPANTES NA REDE

Os participantes iniciais na Rede Symbios son Universidades, Gobernos Rexionais, Axencias Gobernamentais, redes e colexios ou asociacións profesionais. No momento da constitución da Rede Symbios os seus integrantes eran os seguintes:

1. Dous gobernos rexionais:
 - a. Xunta de Galicia. Promotor de proxecto
 - b. Consello Rexional de Karelia do Norte (Finlandia)
2. Tres universidades (ou Centros Vinculados):
 - a. Universidade de Tràs-os-Montes e alto Douro - Centro de Estudos Transdisciplinares para o Desenvolvemento (CETRAD). Tràs-os.montes. Portugal
 - b. Universidade de Santiago de Compostela. (IDEGA) (galego Instituto Universitario de Estudos e Desenvolvemento). Como conselleiro científico para a xestión do proxecto.
 - c. Universidade de Zuyd (CERST). Maastricht. Países Baixos.
3. Dúas Axencias Gobernamentais de Galicia:
 - a. Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER).
 - b. Instituto Galego de Estatística (IGE).
4. Unha rede española ONG:
 - a. Confederación dos Centros de Desenvolvemento Rural (COCEDER)
5. Unha Asociación Profesional
 - a. Colexio Oficial de Traballadores Sociais de Galicia (COTSG).

9. XESTIÓN E COORDINACIÓN

A responsabilidade de xestionar e coordinar o Proxecto Symbios é da Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Familia e Inclusión. Esta responsabilidade inclúe o conxunto do ciclo do proxecto, así como todas as operacións vinculadas.



Non obstante, tratándose dunha rede de intercambio de experiencias e produción de coñecemento, a pretensión do proxecto é facilitar a participación ao maior número de socios posible. Para iso, cóntase cunha rede inicial, de carácter transrexional e transnacional, descrita no apartado de Participantes na rede. A participación na Rede está regulada por un PROTOCOLO DE COLABORACIÓN, que figura anexo. Este mesmo Protocolo é o instrumento que permitirá incorporar á rede novos membros de pleno dereito. Aínda que non terán o carácter de socios fundadores, poderán participar no conxunto das actividades programadas, nomeadamente nos Foros Virtuais e nos Seminarios Presenciais. Os territorios representados na Rede ofrecen características diversas e complementarias entre si: uns son próximos e mesmo limítrofes con Galicia; e outros cunha distancia que lle dan unha riqueza maior aos contextos socioeconómicos e institucionais.

Así mesmo, debe existir unha rede que opere no interior da comunidade autónoma de Galicia, cun carácter máis flexible, que permita relacionar entre si as diversas experiencias de Inclusión socio-territorial en áreas en declive demográfico. As principais responsabilidades dos participantes neste nivel interno da rede é a sistematización da experiencia, a exposición da mesma, a recepción das visitas de estudo e a participación nas actividades presenciais a desenvolver en Galicia. Esta rede a nivel de Galicia ten vocación de permanecer no tempo, e de enriquecerse cunha rede de socios doutros territorios europeos na súa fase inicial, que coincide coa andaina do proxecto Symbios.

Para facilitar a identificación de experiencias e a súa funcionalidade no ámbito da inclusión, a Dirección Xeral de Familia e Inclusión colaborará con outros Departamentos do Goberno da Xunta de Galicia, así como cos organismos autónomos pertinentes nesta iniciativa.

A coordinación do proxecto contempla, polo tanto, tres niveis de traballo: Un, de carácter institucional, que consiste na coordinación transversal dos axentes públicos implicados: Departamentos da Xunta de Galicia, Axencias e organismos vinculados a elas, e institucións universitarias. Outro, de carácter transrexional e transnacional, que constitúe o cerne da Rede Symbios, que interactúa cos socios do proxecto. E unha última, que identifica e implica no proxecto aos actores locais, tanto formen parte da iniciativa pública, da iniciativa social ou do tecido emprendedor galego.



10. MÉTODO

O proxecto Symbios trata de analizar procesos, estudar respostas e propoñer criterios e liñas de actuación para facer fronte á exclusión territorial agravada pola crise demográfica. Daquela, o proxecto comeza co establecemento do punto de partida e finaliza coa difusión das propostas enunciadas a partir da análise realizada das mellores prácticas identificadas no territorio, así como polos socios do proxecto. Un dos principais traballos realízase, por tanto, arredor das prácticas existentes: nunha primeira fase, identificando, presentando e sistematizando experiencias significativas que xa se están a desenvolver no territorio, ben a través da planificación da iniciativa pública, ben mediante a iniciativa da sociedade civil; nunha segunda fase, preténdese presentar e sistematizar modelos de acción que respondan á realidade e que sexan capaces de crear dinamismo e cohesión social. Os modelos identificados serán propostos como prácticas e servirán de base para a elaboración do documento final de recomendacións do proxecto.

Consonte ás responsabilidades de coordinación establecidas, a iniciativa de execución de cada unha das fases e cada grupo de actividades corresponde ao promotor do proxecto. A continuación, trata de implicar aos actores relevantes, sexan académicos, institucionais, sociais ou económicos. E, finalmente, pretende recoller as achegas dos diferentes actores mediante espazos de diálogo entre os participantes. O promotor sistematizará as conclusións e recomendacións para fornecer elementos de planificación en liña coa Estratexia Europa 2020.

As accións a desenvolver poden estar orientadas á reflexión académica sobre os problemas de exclusión territorial e sobre as propostas para a súa abordaxe desde unha cidadanía activa; poden recoller as experiencias emprendedoras e solidarias a nivel local, cunha atención especial aos novos métodos de traballo; ou poden centrarse na perspectiva dos actores públicos e nas accións emprendidas con fondos públicos.

Para facilitar a súa comprensión, na descrición de cada actividade vai incluído o detalle das liñas de acción que desenvolve, dentro destas tres básicas que enunciámos:

1. Reflexión académica. Análise de tendencias demográficas e dos seus efectos.
2. Análise de experiencias locais e comunitarias.
3. Aprendizaxe comparativa de políticas públicas.

Co obxecto de facilitar a identificación das responsabilidades e as posibilidades de participación, as actividades inclúen o enunciado dos participantes en cada unha delas.



11. ACTIVIDADES

As actividades do proxecto establécense por grupos atendendo ás diferentes fases de execución que poderán seren simultáneas e no non necesariamente serán consecutivas:

- Fase preliminar
- Primeira fase: Identificación de experiencias de emprendemento dinamizador e inclusivo e de base comunitaria
- Segunda fase: Análise e modelización de experiencias de emprendemento dinamizador e inclusivo de base comunitaria
- Terceira fase: Territorios inclusivos: propostas; accións de difusión

As actividades que de seguido se relacionan son as inicialmente previstas. Poderán sufrir variacións nas datas previstas da súa realización, en relación cos avances que se vaian producindo na execución do proxecto. Ademais, estas actividades están suxeitas a posibles modificacións que puideran considerarse pertinentes atendendo ao desenvolvemento xeral de SYMBIOS.



FASE PRELIMINAR

Informe inicial de situación	
Descrición da actividade	Informe sobre a dinámica recente da poboación en Galicia e a súa potencial evolución futura, os desequilibrio internos e as diferenzas internas na dinámica da poboación.
Liñas que desenvolve	Reflexión académica. Análise de tendencias demográficas e dos seus efectos.
Participantes	IDEGA
Temporalización	Outubro 2012 Decembro 2012
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer a situación da poboación de Galicia, a súa evolución e as súas perspectivas para o futuro, para poder intervir sobre as dinámicas máis negativas desde o punto de vista da exclusión social e territorial.
Indicadores de realización	Informe Si/non

Seminario de lanzamento					
Descrición da actividade	Presencial				
Liñas que desenvolve	Contraste da diversidade de realidades, enfoques, proxectos e políticas públicas presentes na rede. Intercambio de información sobre actuacións que se desenvolven con Fondos Públicos. Ideas para mellorar o proxecto.				
Participantes	Consellería de traballo e Benestar Outros organismos da Administración Autonómica implicados no proxecto. Socios do proxecto				
Temporalización	Maio2013				
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> • Dar a coñecer as liñas fundamentais de traballo que o proxecto pretende desenvolver, así como o <i>Estado da Cuestión</i> desde a experiencia e perspectiva de cada parte 				
Indicadores de realización	<table border="0" style="width: 100%;"> <tr> <td>Nº de participantes</td> <td style="text-align: right;">25</td> </tr> <tr> <td>Nº de entidades representadas</td> <td style="text-align: right;">10</td> </tr> </table>	Nº de participantes	25	Nº de entidades representadas	10
Nº de participantes	25				
Nº de entidades representadas	10				



PRIMEIRA FASE: IDENTIFICACIÓN DE EXPERIENCIAS

Identificación e selección de experiencias de desenvolvemento comunitario e de emprendemento dinamizador e inclusivo							
Descrición da actividade	<p>Establecemento dun núcleo de experiencias accesibles para os socios involucrados no proxecto Symbios. Tres son os focos de partida: Centro de Desenvolvemento Rural (CDR's – COCEDER) e outras experiencias comunitarias; Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR's – LEADER); Cooperativismo e economía social (Rede EuSumo).</p> <p>Realización dunha consulta xeral sobre a situación de crise e as expectativas de intervención, dirixidas ao conxunto de entidades existentes no territorio coas que se poida contactar, sexa cal for a súa traxectoria, o seu momento de desenvolvemento organizativo, o seu grao de implicación coas restantes partes interesadas, etc. Esta consulta incluírá os aspectos organizativos e de suxestións para a mellora do propio proxecto desde as súas fases iniciais.</p> <p>Identificación sobre o terreo das accións que se están a desenvolver e que resultan relevantes para o obxecto do proxecto Symbios.</p> <p>Recollida das iniciativas nunha Base de Datos de forma unificada e accesible para o conxunto dos axentes implicados no proxecto Symbios. A responsabilidade do ficheiro e a súa localización debe radicar na Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia. A base de datos, para poder integrarse nun proceso dinámico, debe ser accesible ao conxunto de socios e partes implicadas. Por iso debe ter un aloxamento no ámbito dunha Intranet, con acceso restrinxido aos propios socios, pero accesible desde diferentes localizacións físicas e desde as diferentes partes implicadas. Na base de datos deben figurar, cando menos, os datos básicos de identificación das experiencias e das formas de contacto cos seus responsables.</p>						
Liñas que desenvolve	Análise de experiencias locais e comunitarias.						
Participantes	<p>Consellería de Traballo e Benestar</p> <p>Corporacións locais</p> <p>Actores comunitarios</p>						
Temporalización	4º Trimestre de 2012 2º Trimestre de 2014						
Obxectivos	<p>Establecer un núcleo de relacións institucionais e persoais que permitan a posterior identificación de experiencias relevantes para o Proxecto Symbios.</p> <p>Permitir unha participación aberta e non dirixida como complemento á procura planificada de experiencias de loita contra a exclusión territorial.</p> <p>Identificar novas prácticas de loita contra a exclusión territorial.</p> <p>Recoller as experiencias relevantes existentes en Galicia con efectos positivos na loita contra a exclusión territorial, a innovación no enfoque do envellecemento da poboación e o despoboamento rural.</p> <p>Sistematizar a información dispoñible sobre as prácticas existentes en Galicia arredor das problemáticas de exclusión territorial, envellecemento e perda de poboación.</p> <p>Permitir o acceso público aos elementos máis relevantes das anteditas experiencias.</p>						
Indicadores de realización	<table border="1" style="width: 100%;"> <tr> <td>Nº de experiencias</td> <td>50 experiencias</td> </tr> <tr> <td>Nº de Participantes</td> <td>30 entidades / institucións</td> </tr> <tr> <td>Base de datos</td> <td>Si/Non</td> </tr> </table>	Nº de experiencias	50 experiencias	Nº de Participantes	30 entidades / institucións	Base de datos	Si/Non
Nº de experiencias	50 experiencias						
Nº de Participantes	30 entidades / institucións						
Base de datos	Si/Non						



1º Foro virtual: A crise demográfica, a exclusión social e a exclusión territorial	
Descrición da actividade	Medio: Intranet
Liñas que desenvolve	Reflexión académica. Análise de tendencias demográficas e dos seus efectos.
Participantes	Universidades participantes no proxecto. Expertos convidados
Temporalización	1º Semestre de 2013
Obxectivos	Debater sobre os conceptos previos (glosario) e achegar as perspectivas analíticas de partida
Indicadores de realización	Nº de participantes 3 universidades / 5 expertos Nº de achegas 3 por participante

1º Seminario: A crise demográfica, a exclusión social e a exclusión territorial	
Descrición da actividade	Presencial O primeiro Seminario presencial pretende responder ás seguintes preguntas: Que sucede, que consecuencias ten, que evolución supoñemos que vai ter; que efectos territoriais e ambientais; cal é o custe de non facer nada; hai algo que se poida facer? Este seminario formará parte das accións que o Instituto Galego de Estatística ten programadas con motivo da celebración no 2013 do Ano Internacional da Estatística.
Liñas que desenvolve	Reflexión con apoio académico. Análise de tendencias demográficas e dos seus efectos. Nivel macro: Proxectos e políticas públicas. Intercambio de políticas públicas. Intercambio de actuacións que se desenvolven con Fondos Públicos. Nivel micro: Criterios de actuación en microproxectos locais.
Participantes	Socios do proxecto Symbios Instituto Galego de Estatística (IGE) Outros actores.
Temporalización	setembro 2013
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> Realizar un intercambio presencial de enfoques, estratexias e metodoloxías de análise. Avanzar na definición das pautas de traballo sobre experiencias de loita contra a exclusión territorial en zonas en situación de crise demográfica.
Indicadores de realización	Nº de participantes 15 Institucións / 45 persoas



SEGUNDA FASE: ANÁLISE E MODELIZACIÓN DE EXPERIENCIAS

Rede Virtual		
Descrición da actividade	Medio: Intranet Trátase de constituír unha rede de parceiros que reflexionen conxuntamente sobre as experiencias existentes para chegar a establecer modelos de intervención en situacións de exclusión social e crise demográfica, nomeadamente no medio rural.	
Liñas que desenvolve	Análise de experiencias locais e comunitarias.	
Participantes	Consellería de Traballo e Benestar Corporacións locais Actores comunitarios	
Temporalización	Decembro 2012	setembro 2013
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none">Realizar un intercambio presencial de enfoques e metodoloxías de análise.Avanzar na definición das pautas de traballo sobre experiencias de loita contra a exclusión territorial en zonas en situación de crise demográfica.	
Indicadores de realización	Nº membros activos da rede	30

Traballo de campo		
Descrición da actividade	Presencial <ul style="list-style-type: none">Visitas técnicasDocumentación, visitas (Galicia)	
Liñas que desenvolve	Análise de experiencias locais e comunitarias.	
Participantes	Consellería de Traballo e Benestar Actores comunitarios	
Temporalización	Decembro 2012	xuño 2013
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none">Entrevistar persoalmente aos responsables das experiencias de desenvolvemento comunitario e de emprendemento dinamizador e inclusivo.	
Indicadores de realización	Nº de visitas técnicas	18



Visitas de estudo	
Descrición da actividade	Presencial Visitas técnicas a experiencias de desenvolvemento comunitario e emprendemento dinamizador e inclusivo dos territorios dos socios, diferentes a Galicia.
Liñas que desenvolve	Proxectos e políticas públicas. Intercambio de políticas públicas. Intercambio de actuacións que se desenvolven con Fondos Públicos. Análise de experiencias locais e comunitarias.
Participantes	Consellería de Traballo e Benestar Parceiros de outras rexións e países.
Temporalización	Xuño 2013 Xuño 2014
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> Entrevistar persoalmente aos responsables das experiencias de desenvolvemento comunitario e de emprendemento dinamizador e inclusivo para incorporar os seus saberes ao acervo do proxecto
Indicadores de realización	Nº de visitas de estudo 4

Estudo de alternativas innovadoras na prestación de servizos sociais fronte a crise demográfica	
Descrición da actividade	<p>A dispersión da poboación rural de Galicia, especialmente espallada nos territorios máis afectados pola crise demográfica, reclama a exploración de novas formas de prestación dos servizos sociais que permitan equidade e universalidade ao tempo que eficiencia nas prestacións.</p> <p>Existen propostas que están a funcionar en ámbitos xeográficos diferentes do noso, como é o Teletraballo Social, que permite unha maior eficiencia e universalidade a través do emprego das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC's).</p> <p>A adaptación desta ou de outras fórmulas innovadoras de prestación dos servizos constitúe unha das liñas de traballo que serán incorporadas de forma experimental ao proxecto Symbios, para valorar a súa pertinencia e posible xeralización no futuro.</p>
Liñas que desenvolve	Intercambio de actuacións que se desenvolven con Fondos Públicos. Análise de experiencias locais e comunitarias.
Participantes	Colexio de Traballadores/as Sociais de Galicia
Temporalización	outubro 2012 Outubro 2013
Obxectivos	Avaliar a posibilidade de implantación de novos métodos de prestación de servizos sociais para facer fronte á crise demográfica, nomeadamente aqueles relacionados coas Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC's).
Indicadores de realización	Documento de estudo Si/non



Investigación prospectiva sobre os nodos de desenvolvemento e a inclusión socio-territorial

Descrición da actividade	Definición de exclusión territorial. Elaboración dun mapa de exclusión territorial en Galicia Aproximación á cantidade, calidade e localización dos Servizos Públicos para garantir a inclusión territorial e a cohesión en todo o territorio de Galicia partindo dos Nodos de Desenvolvemento.	
Liñas que desenvolve	Reflexión académica. Análise de tendencias demográficas e dos seus efectos.	
Participantes	IDEGA	
Temporalización	Xaneiro 2013	Outubro 2014
Obxectivos	Determinar cando unha entidade ou grupo de entidades de poboación están en situación de exclusión territorial. Analizar as zonas que se despoboan ou envellecen en maior medida durante os últimos anos e a súa relación coa exclusión territorial. Comparar casos. Analizar o comportamento dos nodos ou núcleos de impulso. Modelizar as vilas intelixentes, sustentables e inclusivas (Estratexia 2020) – Grupo de Investigación Sociedade, Tecnoloxía e Territorio (GIST) Realizar unha primeira estimación dos custo público para conseguir a inclusión territorial.	
Indicadores de realización	Informe	Si/non

2º Foro virtual: Análise de experiencias

Descrición da actividade	O obxecto da análise das experiencias é determinar a relación dos seus resultados e impactos no benestar das persoas e na cohesión social dos territorios onde se desenvolven. De forma esquemática, pódese establecer un posicionamento estratéxico mediante un DAFO. A proposta inicial de análise recolle todos os datos de identificación de cada experiencia, unha clasificación da mesma, as actividades máis relevantes, así como os resultados máis salientables, ademais de resumir a súa posición estratéxica. O debate durante o Foro céntrase en establecer os puntos de posicionamento estratéxico (Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades) e determinar os elementos comúns identificados nas experiencias que permiten rachar o círculo da exclusión e do declive demográfico.	
Liñas que desenvolve	Reflexión académica. Análise de tendencias demográficas e dos seus efectos. Proxectos e políticas públicas. Intercambio de políticas públicas. Intercambio de actuacións que se desenvolven con Fondos Públicos. Análise de experiencias locais e comunitarias.	
Participantes	Consellería de Traballo e Benestar	
Temporalización	2º Semestre 2013	1º Semestre de 2014
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> Debater sobre as experiencias recollidas para establecer as mellores prácticas, así como as conclusións e recomendacións do proxecto. 	
Indicadores de realización	Nº de participantes no foro	30 participantes
	Nº de intervencións por participante	3 intervencións



2º Seminario: A inclusión socio-territorial. Análises de experiencias a prol duns territorios inclusivos, intelixentes e sostibles

Descrición da actividade	Presencial	
Liñas que desenvolve	Reflexión académica. Análise de tendencias demográficas e dos seus efectos. Proxectos e políticas públicas. Intercambio de políticas públicas. Intercambio de actuacións que se desenvolven con Fondos Públicos.	
Participantes	Socios do proxecto Symbios Participantes na rede virtual Responsables das experiencias de carácter comunitario e emprendedor.	
Temporalización	Xuño 2014	
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> • Analizar experiencias • Identificar tendencias comúns • Establecer hipóteses de traballo 	
Indicadores de realización	Nº de participantes	20 Institucións / 60 persoas

Publicación dixital sobre boas prácticas

Descrición da actividade	<p>Desde a Base de Datos de Experiencias, e tomando en consideración os resultados da análise das mesmas, realizaremos unha publicación sobre as mellores prácticas, tanto no ámbito de Galicia como do resto dos socios do proxecto Symbios. A publicación pretende difundir as mellores experiencias identificadas cunha análise en profundidade das mesmas. Esa análise non só se realizará a través das fichas de recollida e de análise dos datos, senón, sobre todo, a partir dos relatorios presentados nos seminarios de traballo e dos debates realizados mediante a intranet do proxecto.</p> <p>A publicación servirá para focalizar as achegas de cada unha das contrapartes implicadas no proxecto, e da rede na súa ensamblaxe.</p> <p>Polo seu carácter de produto final dos traballos realizados, a publicación non verá a luz antes do segundo semestre de 2014. Para favorecer a eficiencia do gasto, a publicación terá un formato exclusivamente dixital, aínda que debe incluír un rexistro legal, un código de ISBN e unha pequena cantidade de exemplares en papel que favorezan a súa consulta por parte dos socios e demais partes interesadas.</p>	
Liñas que desenvolve	Proxectos e políticas públicas. Intercambio de políticas públicas. Intercambio de actuacións que se desenvolven con Fondos Públicos. Análise de experiencias locais e comunitarias.	
Participantes	Consellería de Traballo e Benestar	
Temporalización	2º semestre de 2014	
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> • Recoller e analizar as mellores prácticas dos participantes no proxecto Symbios, tanto a nivel de Galicia como nas propostas dos parceiros. 	
Indicadores de realización	Publicación realizada	Si/Non



TERCEIRA FASE: TERRITORIOS INCLUSIVOS: PROPOSTAS E ACCIÓNS DE DIFUSIÓN

Páxina web	
Descrición da actividade	Medio: Internet Contido <ul style="list-style-type: none"> • Diferenciar a web pública (internet) da rede privada (intranet). • Na rede pública irán aloxados os contidos de difusión. • Na rede privada van aloxados os documentos de traballo e os debates e foros virtuais.
Liñas que desenvolve	Reflexión académica. Análise de tendencias demográficas e dos seus efectos. Proxectos e políticas públicas. Intercambio de políticas públicas. Intercambio de actuacións que se desenvolven con Fondos Públicos. Análise de experiencias locais e comunitarias. Difusión do proxecto
Participantes	Consellería de Traballo e Benestar Instituto Galego de Estatística (IGE)
Temporalización	xaneiro 2013 decembro de 2013
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> • Difundir o proxecto Symbios • Posibilitar a participación • Dotar á rede dun instrumento de comunicación permanente
Indicadores de realización	Web publicada Si/non Nº de actualizacións 15

3º Foro virtual : Recomendacións sobre enfoques e metodoloxías	
Descrición da actividade	Medio: Intranet O último foro de debate trata de chegar a conclusións consensuadas sobre enfoques e métodos de traballo en situacións de crise demográfica e exclusión territorial, así como sobre as estratexias de cambio a desenvolver neses contextos.
Liñas que desenvolve	Proxectos e políticas públicas. Intercambio de políticas públicas. Intercambio de actuacións que se desenvolven con Fondos Públicos. Análise de experiencias locais e comunitarias.
Participantes	Consellería de traballo e Benestar Corporacións locais de Galicia Entidades sociais
Temporalización	Xaneiro 2015 xuño 2015
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> • Realizar un intercambio virtual de enfoques e metodoloxías de análise. • Avanzar na definición das pautas de traballo sobre experiencias de loita contra a exclusión territorial en zonas en situación de crise demográfica.
Indicadores de realización	Nº de participantes 20 Nº de achegas 1 por participante Sistematización das achegas Si/Non



Consulta ás corporacións locais		
Descrición da actividade	Medio: Intranet e reunións presenciais	
Liñas que desenvolve	Proxectos e políticas públicas. Intercambio de políticas públicas. Intercambio de actuacións que se desenvolven con Fondos Públicos. Análise de experiencias locais e comunitarias.	
Participantes	Consellería de traballo e benestar Corporacións locais dos nodos identificados pola Consellería de Ordenación do Territorio e susceptibles de intervir na articulación dos territorios en situación de exclusión.	
Temporalización	Xaneiro 2015	xuño 2015
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer a perspectiva das corporacións locais sobre os retos da crise demográfica, a exclusión territorial e a articulación de territorios inclusivos, intelixentes e sostibles. • Sistematizar as achegas das corporacións locais para incorporalas ás recomendacións finais. 	
Indicadores de realización	Consulta	Si/Non
	Informe sistematización de resultados	Si/non

Documento de recomendacións sobre enfoques e metodoloxías		
Descrición da actividade	Medio: Publicación Ademais da publicación dixital sobre boas prácticas, debe producirse outro documento, de carácter público, que recolla tanto os enfoques de análise da situación empregados no proxecto, especialmente no tocante á crise demográfica e á súa relación coa exclusión territorial, e os enfoques metodolóxicos de máis éxito na abordaxe da mesma identificados durante a realización do proxecto. Este documento debe ser resultado do consenso entre as diferentes partes implicadas no proxecto, tanto no ámbito de Galicia como no trans-rexional e transnacional. Aínda que o consenso completo sexa imposible de conseguir, o obxectivo é obter o maior consenso posible, recollendo as aprendizaxes comúns e indicado outras vías que poden resultar proveitosas pero que carecen de suficiente apoio consensual como para poder consideralas como achegas do conxunto das partes. A discusión sobre as conclusións e recomendacións debe ser realizada durante o 3º foro e concluída no seminario final, a celebrar na primavera de 2015. Dada a relevancia deste documento, a pesar do seu carácter interno, debe existir unha versión breve dispoñible na web pública do proxecto.	
Liñas que desenvolve	Proxectos e políticas públicas. Intercambio de políticas públicas. Intercambio de actuacións que se desenvolven con Fondos Públicos.	
Participantes	Consellería de Traballo e Benestar	
Temporalización	1º Semestre de 2015	
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> • Sistematizar as recomendacións extraídas do proxecto. • Difundir os seus enfoques e resultados, con vistas ao desenvolvemento de futuras políticas en materia de inclusión social e territorial. 	
Indicadores de realización	Documento de recomendacións	Si/Non



Seminario Final					
Descrición da actividade	Presencial				
Liñas que desenvolve	Proxectos e políticas públicas. Intercambio de políticas públicas. Intercambio de actuacións que se desenvolven con Fondos Públicos.				
Participantes	Consellería de traballo e Benestar Outros organismos da Administración Autonómica implicados no proxecto. Corporacións locais de Galicia Entidades sociais				
Temporalización	Maio 2015				
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> • Difundir os resultados do proxecto Symbios • Incorporar a inclusión territorial á aplicación da Estratexia 2020. • Estabilizar colaboracións bilaterais e multilaterais alén do remate do proxecto. 				
Indicadores de realización	<table border="0"> <tr> <td>Nº de participantes</td> <td>50</td> </tr> <tr> <td>Nº de entidades representadas</td> <td>25</td> </tr> </table>	Nº de participantes	50	Nº de entidades representadas	25
Nº de participantes	50				
Nº de entidades representadas	25				

Cadro de Actividades

	2012												2013												2014												2015																	
	7	8	9	10	11	12	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12
Seminario de lanzamento																																																						
Fase preliminar																																																						
Accións para a posta en marcha																																																						
Informe inicial de situación																																																						
Seminario de lanzamento																																																						
Fase I: Identificación de experiencias																																																						
Identificación e selección de experiencias de desenvolvemento comunitario																																																						
1º Foro virtual: Crise demográfica, Exclusión social e Exclusión territorial																																																						
1º Seminario: Crise demográfica, Exclusión social e Exclusión territorial																																																						
Fase II: Análise e modelización de experiencias																																																						
Rede virtual																																																						
Traballo de campo																																																						
Visitas de estudo																																																						
Estudo de alternativas innovadoras na prestación de servizos sociais																																																						
Investigación prospectiva: nodos de desenvolvemento e a inclusión territorial																																																						
2º Foro virtual: Análise de experiencias																																																						
2º Seminario: A inclusión socioterritorial. Análise de experiencias...																																																						
Publicación dixital sobre boas prácticas																																																						
Fase III: Territorios inclusivos: propostas e accións de difusión																																																						
Páxina web																																																						
3º Foro virtual: Recomendacións sobre enfoques e metodoloxías																																																						
Consulta ás Corporacións Locais																																																						
Documento de recomendacións sobre enfoques e metodoloxías																																																						
Seminario final																																																						
Accións transversais																																																						
Asesoramento técnico																																																						
Traballo a distancia/ proceso																																																						
Produto intermedio ou final																																																						
Seminario																																																						
Seminario final																																																						

Participación dos socios nas actividades SYMBIOS									
	1	2	3	4	5	6	7	8	9
Fase preliminar									
Accións para a posta en marcha									
Informe inicial de situación									
Seminario de lanzamento									
Fase I: Identificación de experiencias									
Identificación e selección de experiencias de desenvolvemento comunitario									
1º Foro virtual: Crise demográfica, Exclusión social e Exclusión territorial									
1º Seminario: Crise demográfica, Exclusión social e Exclusión territorial									
Fase II: Análise e modelización de experiencias									
Rede virtual									
Traballo de campo									
Visitas de estudo									
Estudo de alternativas innovadoras na prestación de servizos sociais									
Investigación prospectiva: nodos de desenvolvemento e a inclusión territorial									
2º Foro virtual: Análise de experiencias									
2º Seminario: A inclusión socioterritorial. Análise de experiencias...									
Publicación dixital sobre boas prácticas									
Fase III: Territorios inclusivos: propostas e accións de difusión									
Páxina web									
3º Foro virtual: Recomendacións sobre enfoques e metodoloxías									
Consulta ás Corporacións Locais									
Documento de recomendacións sobre enfoques e metodoloxías									
Seminario final									
Accións transversais									
Asesoramento técnico									



12. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

O seguimento do desenvolvemento do Proxecto Symbios realízase a través dunha comisión de seguimento, que se reunirá cando menos dúas veces ao ano durante o transcurso do mesmo, avaliará os informes de seguimento que conterán unha memoria das actividades realizadas e un cadro cos indicadores de seguimento, e realizará unha proposta para a memoria final, que resumirá as principais accións e detallará as aprendizaxes derivadas de Symbios.

O seguimento e avaliación do proxecto Symbios pretende servir de instrumento de mellora continua da calidade do mesmo, incorporando as correccións que resulten oportunas e os elementos relevantes non contemplados inicialmente e que sexan necesarios para acadar os obxectivos marcados.

Comisión de seguimento

A Comisión de seguimento é o órgano designado para o seguimento e a avaliación do Proxecto Symbios. Estará integrado ao menos por tres persoas, designadas a tal fin polo promotor do proxecto, a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia. Realizará unha avaliación intermedia e unha avaliación final dos traballos realizados no transcurso do ano, tendo en conta os indicadores de avaliación e os informes redactados a tal fin.

Indicadores de realización

Os indicadores de realización figuran no cadro xeral de actividades. Constitúen un punto de referencia normativo, sobre o que se poden establecer as desviacións positivas ou negativas que se vaian producindo. A consideración continuada dos indicadores de realización permite establecer as correccións cando o proceso de acción non avance conforme ao ritmo previsto ou non se atinxan os resultados parciais considerados oportunos nos proxecto.

Informes intermedios

Os informes intermedios son documentos producidos para a Comisión de Seguimento e para o coñecemento dos conxunto dos socios do proxecto Symbios, co fin de reflectir o traballo realizado, de comprobar o estado de realización do proxecto, de analizar o camiño percorrido conxuntamente e de propoñer, en caso de ser preciso, os elementos correctores que serán



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

incorporados ao proxecto a instancias da Comisión de Seguimento. Os informes intermedios para a Comisión de Seguimento conterán, cando menos, unha memoria descritiva das actividades realizadas, unha breve valoración das mesmas e un cadro cos indicadores de realización onde se relacionen os valores logrados cos valores normativos estimados na planificación. Cando as desviacións respecto do previsto sexan importantes, o informe incorporará unha explicación referida á devandita desviación sexa esta tanto negativa como positiva.

Memoria final

No momento do peche do proxecto será elaborada unha memoria final que inclúa todos os elementos relevantes contemplados nos informes intermedios, así como o cadro xeral de indicadores de realización. Así mesmo, a memoria final estará integrada por unha descrición das aprendizaxes do proceso. Esas aprendizaxes poden integrar elementos procedentes do documento de recomendacións; ao mesmo tempo, tomarán en consideración as aprendizaxes do traballo en común, tanto entre iguais (Universidades entre si, Administracións Públicas entre si, etc.) como as que se producen desde ópticas complementarias e roles diferentes.



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE investe no teu futuro"

UNIÃO EUROPEA

13. ANEXOS